

## DOS “CÍRCULOS” ÁS “CONFERENCIAS”: APROXIMACIÓN ÁS POSIBILIDADES DA XUSTIZA RESTAURATIVA NO SISTEMA DE XUSTIZA PENAL

Cristina ALONSO SALGADO

*Bolseira FPI<sup>1</sup>. Investigadora en formación. Área de Dereito Procesual. Universidade de Santiago de Compostela*

Recibido 28.05.2014 / Aceptado 03.06.2014

**RESUMO:** A xustiza restaurativa ofrece innumerábeis canles para a súa configuración no sistema de xustiza penal. A escasa difusión coa que contan estas vías instrumentais na literatura especializada española pode acabar xerando consecuencias indesezábeis e, mesmo contraproducentes, para o novo paradigma do Dereito penal.

E isto porque en non poucas ocasións se pretende canalizar todas as iniciativas restaurativas a través da mediación, sen, ao noso xuízo, a debida reflexión sobre se é en primeiro lugar posíbel e, no seu caso, desexábel.

**PALABRAS CLAVE:** sistema de xustiza penal; xustiza restaurativa; mediación; círculo restaurativo; conferencia.

**RESUMEN:** La justicia restaurativa ofrece innumerables cauces para su viabilización en el sistema de justicia penal. La escasa difusión con la que cuentan estas vías instrumentales en la literatura especializada española puede acabar generando consecuencias indeseables e, incluso contraproducentes, para el nuevo paradigma del Derecho penal.

Y ello porque en no pocas ocasiones se pretende vehiculizar todas las iniciativas restaurativas a través de la mediación, sin, a nuestro juicio, la debida reflexión acerca de si es en primer lugar posible y, en su caso, deseable.

---

<sup>1</sup> Contratada FPI, referencia da axuda BES-2010-042573, referencia do proxecto DER2009-08806, por "Resolución de 28 de julio de 2010, de la Secretaría de Estado de Investigación, por la que se conceden ayudas pre-doctorales de formación de personal investigador en su convocatoria 2010", publicada no "Boletín Oficial del Estado" número 224 o mércores 15 de setembro de 2010.

**PALABRAS CLAVE:** sistema de justicia penal; justicia restaurativa; mediación; círculo restaurativo; conferencia.

**SUMARIO:** 1. INTRODUCCIÓN. 2. A PLURALIDADE DE VÍAS DA XUSTIZA RESTAURATIVA. 3. CONCLUSIÓN. 4. BIBLIOGRAFÍA.

## 1. INTRODUCCIÓN

Os métodos restaurativos singularízanse pola súa natureza informal. Porén isto non resulta tanto dunha cuestión substantiva, como dunha atribución por confrontación á concepción formalista do proceso penal tradicional.

Así, se ben os métodos restaurativos descansan igualmente sobre unha configuración específica e uns procedementos propios, o certo é que as esixencias de carácter formal se limitan a, fundamentalmente, tres cuestións: o indiscutíbel protagonismo das partes, a ordenación da comunicación e a vontade de solucionar a controversia. Disto infírese con facilidade que cando facemos alusión á xustiza restaurativa<sup>2</sup> non nos estamos a referir a unha concreta metodoloxía, senón a un ideosistema<sup>3</sup>, ao denominado novo paradigma do Dereito penal que engloba á súa vez, diversas canles a través das que se configurar.

---

<sup>2</sup> TAMARIT SUMALLA, J.M., "La justicia reparadora: ¿una justicia para la víctima?", *Manual de victimología* (Coords. BACA BALDOMERO, E.; ECHEBURÚA ODRIÓZOLA, E. y TAMARIT SUMALLA, J.M.), Valencia, 2006, pp. 439-454.

<sup>3</sup> "El modelo de justicia 'restaurativa' cree en la autonomía y capacidad autorreguladora de la comunidad para resolver sus conflictos, con instrumentos propios, flexibles, desformalizados, sin la necesaria mediación del sistema legal. Y cree en la capacidad de compromiso y responsabilización del infractor –y de la víctima- en el proceso que a ambos interesa de reparación y reinserción. Propugna por ello una participación activa de uno y otra en aquel en aras de la deseada paz y bienestar comunitarios, lejos tanto del rol pasivo que les asigna el modelo de justicia estatalizada (que les expropia el poder de intervenir en la solución del conflicto criminal); como de otros enfoques social y jurídicamente desestabilizadores, que predicán la retórica de la venganza", en GARCÍA-PABLOS DE MOLINA, A., *Tratado de Criminología*, Valencia, 2009, pp. 1053-1054.

"La concepción restaurativa de la justicia propone 'restaurar' la armonía social, recomponer los lazos humanos y sociales rotos, en vez de castigar y provocar nuevas rupturas, y aspira a superar el paradigma retributivo con un afán por mirar más hacia el futuro que hacia el pasado (...) Un proceso reparador se caracteriza por el favorecimiento de la participación en el mismo de las partes involucradas en la situación conflictiva. El desarrollo de prácticas restaurativas más complejas que la mera mediación bilateral entre autor y víctima obliga a considerar la diversidad de las personas interesadas en la resolución el conflicto. Así, se alude, por una parte, a las partes interesadas primarias, a saber, las víctimas, los infractores y las comunidades de apoyo; y, por otra parte, a las partes interesadas secundarias, que son aquellas que sufren daños indirectos e impersonales, con necesidades colectivas e inespecíficas, tales como vecinos o personas pertenecientes a grupos sociales o religiosos

## 2. A PLURALIDADE DE VÍAS DA XUSTIZA RESTAURATIVA

Dende fai décadas a literatura especializada ven referíndose á crise do sistema de xustiza penal<sup>4</sup> con base na posta en cuestión<sup>5</sup> dalgúns dos fundamentos tradicionais do Dereito penal. A sinalada posta en tea de xuízo dos referidos piares permite identificar non só os factores favorecedores da súa crise, senón tamén daqueles elementos que permiten explicar o tránsito cara un novo ideal de xustiza penal, a saber: a reconsideración do rol a desenvolver no sistema de xustiza penal pola vítima e consabido auxe da Vitimoloxía; a insatisfacción cidadá coa Administración de Xustiza; a influencia das teorías abolicionistas<sup>6</sup>; o efecto xerador de estigma da prisión e o

---

(...)", en TAMARIT SUMALLA, J.M., "La justicia reparadora: ¿una justicia para la víctima..." *cit.*, pp. 442-443.

<sup>4</sup> "Crisis del sistema de justicia penal. El funcionamiento del actual sistema de justicia penal ha puesto de manifiesto determinados efectos negativos, que afectan tanto al delincuente, como a la víctima y a la sociedad en su conjunto.

*La duración de los procesos judiciales, que supone que los tribunales resuelvan muchos de los asuntos pendientes de manera tardía, implica que la reacción social contra el delincuente, imponiendo la pena, tenga más un puro sentido retributivo, que una orientación favorable a la resocialización (...)*", en REVILLA GONZÁLEZ, J.A., "La mediación penal", *Mediación y solución de conflictos. Habilidades para una necesidad emergente* (Coords. SOLETO MUÑOZ, H. Y OTERO PARGA, M.), Madrid, 2007, p. 301.

*Vid. tamén CARRETERO MORALES, E., "La necesidad de cambios en los modelos de solución de conflictos. Ventajas de la mediación", Mediación y resolución de conflictos: técnicas y ámbitos* (Coord. SOLETO MUÑOZ, H.), Madrid, 2013, pp. 71 e ss.

<sup>5</sup> Téntase poñer de relevancia no texto problemas específicos do sistema de xustiza penal, sen por isto negar, os comúns cos restantes ámbitos da Administración de Xustiza. Neste senso pronúnciase REVILLA GONZÁLEZ cando sinala que, "El funcionamiento del actual sistema de justicia penal ha puesto de manifiesto determinados efectos negativos que afectan tanto al delincuente, como a la víctima y a la sociedad en su conjunto. La duración de los procesos judiciales, que supone que los tribunales resuelvan muchos de los asuntos pendientes de manera tardía, implica que la reacción social contra el delincuente, imponiendo la pena, tenga más un puro sentido retributivo, que una orientación favorable a la resocialización (...). Esta falta de proximidad temporal entre la actuación delictiva de un individuo, y la respuesta que la sociedad da a su conducta, ha llevado a discusiones que imaginan nuevos instrumentos que corrijan esa anomalía (...)", en REVILLA GONZÁLEZ, J. "La mediación penal..." *cit.*, p. 301.

<sup>6</sup> Sobre o impacto do abolicionismo no xurdimento do novo paradigma, "En el pensamiento abolicionista, conciliación, mediación y reparación pasan, también, a un primer plano como mecanismo sustitutos y alternativas, siquiera transitoriamente, a la intervención del Derecho Penal clásico y del sistema legal. En efecto, la 'devolución' del conflicto a las personas directamente implicadas en el mismo, y su solución con recursos extraoficiales no punitivos son dos propuestas claves en un ideario que proclama la complejidad y diversidad de los conflictos de la realidad social cotidiana, reivindicando un tratamiento civilizado del delito (al margen del sistema legal) con criterios no represivos sino reparatorios.

*En el abolicionismo confluyen tendencias criminológicas y político-criminales muy dispares que sólo tienen en común la propuesta de sustituir la intervención del sistema legal por otras técnicas informales. Así, por ejemplo, el denominado 'nuevo realismo radical', de finales de los setenta (MATTEWS, YOUNG, JONES, MACLEAN, PLATT, HOGG, etc.) que surge como reacción frente al 'realismo de derechas' (de WILSON y KELLING), al positivismo sociológico (del 'everything works') y al idealismo*

fracaso da política resocializadora<sup>7</sup>; os movementos a prol da resolución alternativa<sup>8</sup> de conflitos, etc.

Froito de todo isto irrompe como ideosistema penal a denominada xustiza restaurativa<sup>9</sup>, que xorde coa aspiración de que o vitimario asuma a súa responsabilidade para a súa rápida resocialización, que a vítima obteña reparación minorando no posíbel o seu padecemento e que todo isto se enfoque dende unha perspectiva integral comunitaria, favorecendo a participación como medio para lograr unha mellor interiorización das causas da criminalidade e para optimizar deste xeito, a prevención do delito<sup>10</sup>.

---

*nihilista del labelling approach o del abolicionismo radical (del 'nothing works')*", en GARCÍA-PABLOS DE MOLINA, A., *Tratado de Criminología*, op. cit., pp. 1051-1052.

<sup>7</sup> "Más resocialización: del entusiasmo al desencanto...y de nuevo a vueltas con la resocialización: condiciones y límites. En la Dogmática penal, como se ha ido exponiendo supra, hubo momentos en que desde el retribucionismo se entendía imprescindible la reformulación del Derecho Penal para acentuar los tratamientos resocializadores se centraban principalmente en el individuo, en su protección, en su rehabilitación social. Se superaba así la idea de la pena como castigo, para ir poco a poco asumiendo las posiciones de prevención especial (...)

*En suma, se trataba ésta de una corriente dogmática que afloró esencialmente en los finales del Siglo XIX y que en algunos países, básicamente con un modelo jurídico del common law, esencialmente EEUU y los países nórdicos, en la década de los cincuenta-sesenta del Siglo XX, adquirió mayor fuerza que en otros, cultivándose esa ideología del tratamiento que incidía no solo en la determinación de la consecuencia jurídico-penal como consecuencia de la realización de un comportamiento reprochable socialmente en sede penal, sino también en la afectación de la duración efectiva de las penas privativas de libertad, en la posible sustitución o suspensión de éstas; de ahí que fuere apareciendo prácticamente en todos los sistemas jurídicos instituciones tales como la condena condicional, la probation, la libertad condicional, etc. (...)*

*Como puede imaginarse, todo cambio produce reacciones y estas se dejaron sentir. En ocasiones la respuesta contraria se fundaba en motivos ideológicos intrínsecos al significado de la aplicación de estos programas, si bien en otros casos, la reacción se basaba en la ineficacia de los mismos, amén de los costos económicos que la resocialización conlleva. Estas críticas fueron en parte demoledoras, convirtiendo el devenir de la resocialización en un camino de obstáculos, que fueron minando, poco a poco, el entusiasmo de aquellos sistemas que acogieron en su día el pensamiento resocializador como un paso avanzado hacia una mejor respuesta del Derecho Penal", en BARONA VILAR, S., *Mediación penal. Fundamento, fines y régimen jurídico*, Valencia, 2011, pp. 40-44.*

De interese, ETXEBARRIA ZARRABEITIA, X., "Justicia restaurativa y fines del Derecho penal", *Justicia restaurativa, mediación penal y penitenciaria: un renovado impulso* (Coords. MARTÍNEZ ESCAMILLA, M. Y SÁNCHEZ ÁLVAREZ, M.P.), Madrid, 2011, pp. 56 e ss.

<sup>8</sup> *Vid.* sobre os movementos a prol da resolución alternativa de conflitos (ADR), GORDILLO SANTANA, L.F., *La justicia restaurativa y la mediación penal*, Madrid, 2007, pp. 133 e ss.

<sup>9</sup> De consulta ineludíbel, *vid.* WRIGHT, M., *Justice for Victims and Offenders. A Restorative Response to Crime*, Winchester, 1996.

<sup>10</sup> BELTRÁN MONTOLIU A., "Modelo de mediación en los Estados Unidos de América", *La mediación penal para adultos. Una realidad en los ordenamientos jurídicos* (Coord. BARONA VILAR, S.), Valencia, 2009, pp. 53-62.

Cabe inferir por tanto, que o denominado novo paradigma do Dereito penal, a xustiza restaurativa<sup>11</sup> pode canalizarse a través de fórmulas diversas que modulan os seus elementos de configuración para unha mellor adaptación ao caso en función das especificidades do conflito. Así, "(...) *lo que se pretende con la justicia restitutiva es la reparación, entendida no solo respecto de la víctima individualmente considerada, sino también respecto de la víctima colectiva y del propio delincuente; y todo ello sin olvidar los resultados para la misma comunidad. La convivencia entre el modelo distributivo y el reparador no siempre se ve con buenos ojos, y ello por cuanto han existido quienes han pretendido o visto en la aparición de las manifestaciones de la restorative justice una alternativa, que no complemento, de la justicia común, clásica, de talante distributivo. Evidentemente toda incorporación de exponentes restitutivos implica un desplazamiento de algunos distributivos pero no la desaparición de este por aquellos*"<sup>12</sup>.

En efecto, son diversas as vías instrumentais que, baixo a influencia dos principios do *Common Law*<sup>13</sup>, resultan aptas para lograr os fins da xustiza restaurativa. Procedemos pois, a relacionar algunhas das canles máis representativas do paradigma restaurativo, para alén da que goza de maior predicamento no noso país, a mediación<sup>14</sup>.

Así, comezando por este último método cabe sinalar que se trata dunha fórmula

---

<sup>11</sup> *"Justicia restaurativa no significa limitar el fin del Derecho penal al indemnizatorio o reparador (satisfacer a la víctima) diluyendo las diferencias con el Derecho civil. Pero sí redescubrir que la reparación –concebida como algo mucho más rico que la pura indemnización económica- puede tener también unos efectos preventivos importantes. Por eso esta tercera vía (la reparación, al lado de la sanción y la medida) es digna de ser explorada. Aunque, y creo que esto es también en mi opinión clave de su éxito, se implante siendo conscientes de que no es la panacea del Derecho penal, ni puede sustituir a las penas, ni está llamada a desplazar totalmente a las mismas, sino tan solo a desplegar un papel, seguramente modesto en cuanto a su eficacia o extensión, pero profundo en cuanto a lo que representa de incorporar al Derecho penal otra filosofía"*, en DEL MORAL GARCÍA, A., "La mediación en el proceso penal. Fundamentos, problemas, experiencias", *La mediación. Presente, pasado y futuro de una institución jurídica* (Coords. RODRÍGUEZ-ARANA MUÑOZ, J. Y DE PRADA RODRÍGUEZ, M.), Oleiros (A Coruña), 2010, p. 51.

<sup>12</sup> BARONA VILAR, S., *Mediación penal. Fundamento, fines y régimen jurídico*, op. cit., pp. 144-149.

<sup>13</sup> A este respecto, PÉREZ CEBADERA, M.A., "El principio del consenso en Estados Unidos", *Mediación: un método de ? conflictos. Estudio interdisciplinar* (Coord. GONZÁLEZ-CUÉLLAR SERRANO, N.), Madrid, 2010, pp. 101-115; FONT GUZMÁN, J.N., "Programas de derivación judicial en Estados Unidos", *Mediación y resolución de conflictos: técnicas y ámbitos* (Coord. SOLETO MUÑOZ, H.), Madrid, 2013, pp.440-470; BELTRÁN MONTOLIU, A., "Modelo de mediación en Estados Unidos", op. cit., pp. 53-84; e MONTESINO GARCÍA, A., "La mediación penal en Inglaterra y Gales", *La mediación penal para adultos. Una realidad en los ordenamientos jurídicos* (Dir. BARONA VILAR, S.), Valencia, 2009, pp. 85-123.

<sup>14</sup> BARONA VILAR, S., *Mediación penal. Fundamento, fines y régimen jurídico*, op. cit., pp. 144-149.

directa de intervención das partes no que o relevante é a aspiración tanto do vitimario, como da vítima, de tratar de resolver voluntariamente o conflito baixo parámetros restaurativos.

Non nos deteremos máis que o imprescindible en explicar o *face-to-face mediation* denominado igualmente *victim-offender mediation*<sup>15</sup>, en tanto que, tal e como se anticipaba, constitúe probabelmente "(...) *la forma más común y más desarrollada en la mayor parte de los sistemas jurídicos de prácticas restaurativas. Muchas son las bondades que se aplican a este modelo (...) Ciertamente puede reducir el sentimiento de angustia, de ansiedad de las víctimas, evitar la revictimización o la victimización secundaria y evitar o reducir el crimen en general; analizadas las diferencias entre la restitución que se acuerda en mediación y la decisión judicial de condenar a restitución y se observa como en la práctica entre los primeros existen un menor número de reincidentes que entre los segundos*"<sup>16</sup>.

En segundo lugar, dentro da relación de métodos restaurativos pódese salientar a *Shuttle communication* ou *shuttle diplomacy mediation*, metodoloxía indirecta de diálogo entre vítima e vitimario na que o facilitador desenvolve o seu cometido a modo de intermediario, ben a través de chamadas telefónicas, ben a través de mensaxes de móbil ou de calquera outro medio de comunicación válido a tal efecto. Caracterízase xustamente por posibilitar a comunicación sen o contacto *face-to-face*, cuestión esta,

---

<sup>15</sup> "La *victim-offender mediation* es la forma más extendida de instrumento de Justicia restaurativa. Evidentemente, participan el agresor, la víctima, y el mediador, y, a diferencia de la mediación civil, el diálogo es más importante que el acuerdo, y el objetivo es empoderar a la víctima, permitir la responsabilización del agresor y la reparación del daño producido.

La justificación de estos programas se basa en la restitución respecto de la víctima y la rehabilitación del agresor. Además, señala IZUMI que el respaldo de las víctimas a la restitución como alternativa al encarcelamiento en delitos contra la propiedad, donde los índices de satisfacción para víctimas y ofensores son muy altos, Este es el procedimiento restaurativo más extendido, también en España y los países de la Unión Europea", en SOLETO MUÑOZ, H., "La justicia restaurativa como elemento complementario a la justicia tradicional", *Sobre la mediación penal. Posibilidades y límites en un entorno de reforma del Proceso Penal Español* (Coords. GARCÍANDÍA GONZÁLEZ, P.M. Y SOLETO MUÑOZ, H.), Cizur Menor (Navarra), 2012, pp. 62 e ss.

<sup>16</sup> BARONA VILAR, S., *Mediación penal. Fundamento, fines y régimen jurídico*, op.cit., pp. 144-149. Vid. de interese a este respecto, "Recogemos aquí una descripción de diferentes procedimientos de Justicia restaurativa, que se van extendiendo en el uso en los últimos años.

Los procedimientos de Justicia restaurativa más extendidos en el ámbito penal y que tienen un estilo mediatorio, que sería aquel en el que un neutral interactúa con el agresor y otras personas que pueden ser la víctima directa de la agresión u otras personas de la comunidad, utilizando técnicas de facilitación, son diversos, dependiendo de los participantes, el procedimiento de actuación y el objetivo (...)", en SOLETO MUÑOZ, H., "La justicia restaurativa como elemento complementario a la justicia tradicional..." cit., p. 62 e ss.

que a converte en especialmente atractiva para aqueles supostos nos que non é posíbel ou, polo menos, non resulta aconsellábel que ambas partes se reúnan<sup>17</sup>.

En terceiro lugar, salientaremos as posibilidades representadas pola *victim-absent discussions with offender and supporters about crime* ou *offender-absent discussions with victim and supporters about crime* que, fundamentadas sobre un modelo de comunicación unilateral, procuran a resolución do conflito dende unha perspectiva restaurativa. Trátase dunha comunicación catalogada como unilateral, ben porque se realiza en ausencia da vítima, ben porque o procedemento comunicativo implica unicamente á vítima, dada a ausencia do vitimario. E todo isto a través da intervención dun facilitador que actúa como nexo comunicativo para posibilitar a solución restaurativa<sup>18</sup>.

En cuarto lugar cabe traer a colación os denominados *Circles*, fundamentados na participación non só de vitimario e vítima, senón tamén e, moi especialmente, na daquelas persoas representativas do contexto comunitario interesadas en intervir na resolución do conflito. A configuración dos "círculos" está especificamente deseñada para satisfacer o seu obxectivo fundamental, o de pacificar a comunidade e reparar o dano orixinado<sup>19</sup>.

Particularmente o *Circle sentencing* atopa a súa orixe na metodoloxía propia dos aborixes canadenses nos que os membros dunha comunidade, vitimario – ao que se lle adoita esixir a súa propia declaración de culpabilidade–, vítima, as súas respectivas familias, etc., se citan en reunión disposta en círculo para que todos os participantes poidan analizar o mellor xeito de solucionar unha controversia de natureza penal. Xustamente polo acabado de sinalar, de entre as opcións restaurativas esta é a que sen lugar a dúbidas reserva para a comunidade un maior protagonismo en tanto que participa non só activa senón directamente na pacificación social.

---

<sup>17</sup> BARONA VILAR, S., *Mediación penal. Fundamento, fines y régimen jurídico, op.cit.*, pp. 144-149.

<sup>18</sup> BARONA VILAR, S., *Mediación penal. Fundamento, fines y régimen jurídico, op.cit.*, pp. 144-149.

<sup>19</sup> BELTRÁN MONTOLIU, A., "Modelo de mediación en los Estados Unidos de América..." *cit.*, pp. 53-62.

"Tienen especial predicamento en Canadá, si bien son posibles no sólo a través de la participación y dirección judicial sino por cualquier persona de la administración de la justicia, como pueden ser los fiscales, la policía, los abogados, etc", en BARONA VILAR, S., *Mediación penal. Fundamento, fines y régimen jurídico, op.cit.*, pp. 144-149.

Pódense diferenzar a este respecto catro fases procedimentais: selección do caso, dos participantes do círculo, reunión na que se procura o acordo e, finalmente, fixación da adhesión do acusado ao acordo<sup>20</sup>.

Por último, en relación ao rol a desempeñar polo órgano xurisdiccional cabe salientar que "(...) *el tribunal hace el reenvío, monitoriza los casos y el cumplimiento de las reglas (...) Es incluso posible que el juez participe en el círculo, pero en principio su participación no es protagonista ni como facilitador. Su actividad se centra en plasmar en la sentencia el plan acordado, si bien puede participar más activamente cuando no se logra consenso*"<sup>21</sup>.

En quinto lugar subliñaremos os paneis restaurativos como opción reparadora de raizame comunitaria<sup>22</sup>. Así, asumida a culpa no proceso por parte do acusado, o órgano xurisdiccional bríndalle a posibilidade de asistir ao panel de restauración integrado coa participación de cidadáns.

Tras a reunión co vitimario-acusado, o panel dialoga coa vítima verbo das vías

---

<sup>20</sup> MARQUES CEBOLA, C., *La mediación. Un instrumento de la Administración de la Justicia para la solución de conflictos*, Salamanca, 2011, pp. 355-356.

<sup>21</sup> SOLETO MUÑOZ, H., "La justicia restaurativa como elemento complementario a la justicia tradicional", *op. cit.*, pp. 62 e ss.

*"Circle sentencing. Sentencing circles are conducted in many aboriginal communities in Canada. In circle sentencing all of the participants, including the judge, defence counsel, prosecutor, police officer, the victim and the offender and their respective families, and community residents, sit facing one another in a circle. Circle sentencing is generally only available to those offenders who plead guilty. Discussions among those in the circle are designed to reach a consensus about the best way to resolve the conflict and dispose of the case, taking into account the need to protect the community, the needs of the victims, and the rehabilitation and punishment of the offender. The sentencing circle process is typically conducted within the criminal justice process, includes justice professionals and supports the sentencing process.*

*Circle sentencing is perhaps the best example of participatory justice in that members of the community can become directly involved in responding to incidents of crime and social disorder. This is done through the formation of a Community Justice Committee (CJC) that may also include representatives from justice agencies. The common objective of the members of the CJC is to find more constructive ways to respond to conflict in their community. The CJC plays an integral role in the overall circle process, including liaising with criminal justice agencies, community organizations as well as with the various stakeholder groups in the community. Cases are referred to the CJC, generally from the police, prosecutors and judges, although cases may also come from the schools, victim services programmes and families.*

*There are four stages to the circle process: Stage 1: Determining whether the specific case is suitable for a circle process. Stage 2: Preparing the parties that will be involved in the circle. Stage 3: Seeking a consensual agreement in the circle. Stage 4: Providing follow-up and ensuring the offender adheres to the agreement", en UNITED NATIONS OFFICE ON DRUGS AND CRIME, Handbook on Restorative justice programmes, New York, 2006, pp. 22-23.*

<sup>22</sup> Tal e como sinala SOLETO MUÑOZ, "En Estados Unidos, estos paneles o grupos se estructuran de forma diferente, si bien en general no incluyen a la víctima en sus reuniones con el agresor, y el agresor desempeña un papel de menor importancia", en SOLETO MUÑOZ, H., "La justicia restaurativa como elemento complementario a la justicia tradicional", *op. cit.*, pp. 62 e ss.



para a reparación.

Cabe inferir pois, que non só a intervención do vitimario é limitada, senón que tamén o é o seu propio enfoque, escorado fundamentalmente cara a reparación á vítima, sexa de carácter económico, sexa mediante a petición de perdón, realización de traballos comunitarios, etc. É por isto que este método foi catalogado como o menos restaurativo. En todo caso, co obxecto de salvagardar a flexibilidade propia deste tipo de métodos e a súa inequívoca aspiración resocializadora, cabe potenciar o perfil restaurativo en función do modo no que se poña en práctica.

En canto ao procedemento cabe sinalar que polo xeral "(...) *se realizan reuniones de seguimiento transcurridos unos 3 meses para controlar el cumplimiento de las medidas. Si se han cumplido, el panel felicita al agresor; si no, se reenvía el caso al juez para que determine la sentencia, que puede incluir prisión*"<sup>23</sup>.

Aínda que de menor interese, cabe subliñar en sexto lugar a *court-ordered restitution* que, dentro das posibilidades metodolóxicas da súa natureza indirecta, resposta a un fundamento no que se acentúa o perfil imperativo e que con base nisto "(...) *ha visto su eficacia fundamentalmente en el ámbito de la delincuencia penal juvenil, pero su efectividad no es comparable con la de los restantes*"<sup>24</sup>.

Por último, a través das *face-to face conferences of victims, offenders and stakeholders* preténdese que sexan as propias partes as que formulen un acordo satisfactorio para ambas, sempre que se puntualicen detalladamente os eventuais efectos que a comisión do feito delituoso xerou e as súas posíbeis consecuencias *ad futurum*. Con gran predicamento en canto á súa utilización en países vicarios do *Common Law*<sup>25</sup>, particularmente na conflitoloxía escolar de países como Canadá ou Australia, esta vía instrumental da xustiza restaurativa resulta particularmente intensa no marco inter-

---

<sup>23</sup> SOLETO MUÑOZ, H., "La justicia restaurativa como elemento complementario a la justicia tradicional", *op. cit.*, pp. 62 e ss.

<sup>24</sup> BARONA VILAR, S., *Mediación penal. Fundamento, fines y régimen jurídico*, *op.cit.*, pp. 144-149.

<sup>25</sup> "El conferencing es una práctica de justicia restaurativa que nace en Nueva Zelanda con la *Children, Young Persons and Their Families Act* de 1989. En el modelo propuesto por esta Ley, el FGC pretendía, y pretende todavía hoy, implicar a todas las personas afectadas por el delito en un proceso de toma de decisión sobre cuál es la mejor manera de responder al mismo", en GUARDIOLA, M.J., ALBERTÍ, M., CASADO, C. Y SUSANNE, G., "Conferencing: origen, transferencia y adaptación", *La justicia restaurativa: desarrollo y aplicaciones* (Coord. TAMARIT SUMALLA, J. ), Granada, 2012, p. 239.

persoal para a superación do conflito.

Entre as especificidades que a caracterizan pódese destacar o papel a desenvolver polos asistentes do vitimario que, baixo unha sorte de dirección, interveñen a modo de facilitadores do acordo derivado da proposta de conferencia, acordo que pode, no seu caso, incorporar a reparación<sup>26</sup>.

Do sinalado colíxese que o ámbito de actuación da mediación resulta máis limitado que o da *conference*<sup>27</sup>, en tanto que esta opera sobre certos procesos de carácter colectivo coma, por exemplo, os relativos ás condutas antisociais nos centros escolares, condutas que implican á sociedade nas que se producen. É fundamentalmente esa característica de vinculación coa colectividade, a que define á *conference* como metodoloxía de carácter restaurativo<sup>28</sup>.

Asemade, en tanto que a *conference* se singulariza fundamentalmente en relación á mediación pola intervención dun maior número de persoas no proceso deliberativo, o certo é que "(...) *se pierde la privacidad que caracteriza los procesos de mediación víctima-ofensor para priorizar el diálogo entre los participantes y la responsabilización de más miembros de la comunidad próxima (...) ante el hecho delictivo. Además, dando voz a más personas en el encuentro, el conductor del proceso*

---

<sup>26</sup> Barona Vilar, S., *Mediación penal. Fundamento, fines y régimen jurídico*, op.cit., pp. 144-149.

